

GIDEITT (GRUPO DE INNOVACIÓN DOCENTE PARA LA ENSEÑANZA DE LA INGENIERÍA DE TECNOLOGÍAS DE TELECOMUNICACIÓN)

Coordinador/a: **Martín Llamas Nistal**

Participantes: *Luis Modesto Álvarez Sabucedo*
Luis Eulogio Anido Rifón
Fernando Ariel Mikic Fonte
Juan Manuel Santos Gago

Liñas de actuacións

O interese para a creación do equipo foi a mellora docente nas materias de Arquitectura de ordenadores do primeiro curso do Grao de Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación que imparte o profesorado integrante no equipo. Isto non é óbice para que os resultados obtidos poidan ser aplicados a outras materias.

Obxectivos

Preténdese formalizar as actuacións que xa viñan realizando algúns dos membros integrantes do equipo, ao tempo que se amplía o grupo a outros/as docentes con similares inquietudes e con ganas de contribuír aos obxectivos da mellora docente que é o «leitmotiv» do presente grupo.

O noso obxectivo máis próximo é a creación dun curso piloto baseado na clase inversa. Basicamente a clase inversa consiste en que o traballo que o/a estudante fai na casa pasa a facerse na clase, e o que facía na clase pasa a facerse en casa. Así pois, pretendemos planificar e desenvolver a materia de Arquitectura de ordenadores mediante a clase inversa.

O coordinador do grupo leva varios anos gravando as clases e recollendo información sobre o uso que o alumnado fai desas clases, e das implicacións na súa aprendizaxe e rendemento académico. Estes traballos foron publicados en *IEEE Transactions on Education* (vol.57, nº4, pp.220-228, nov. 2014. Tamén desenvolveu unha proba de aplicación mixta e progresiva de clase inversa (pendente de publicación).

Así mesmo como obxectivo a medio prazo formulamos a posible modificación do programa da materia para adaptalo ás necesidades actuais do alumnado dentro da titulación.

Plan de traballo

Noso traballo a curto prazo é:

- Tarefa 1. Estudo das clases gravadas para determinar que temas requiren maior atención por parte do alumnado.
- Tarefa 2. Elección dos vídeos a gravar.
- Tarefa 3. Elección das ferramentas de gravación a utilizar en cada vídeo.
- Tarefa 4. Deseño da metodoloxía a seguir nas clases inversas.
- Tarefa 5. Planificación das clases e da avaliación.
- Tarefa 6. Gravación dos vídeos.
- Tarefa 7. Planificación co Centro da clase inversa de AO.
- Tarefa 8. Impartición da clase inversa na Escola de Enxeñaría de Telecomunicacións.

As tarefas non son consecutivas e desenvolveranse algunhas de xeito paralelo.

A nosa previsión é que se poida impartir a clase inversa no ano 2016/17.